

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, INTEGRADA NO GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA BÁSICA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO EXCMO CONCELLO DE PONTEVEDRA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021, POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL .

VALORACIÓN DE MÉRITOS E CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 28 de febreiro de 2022, vista a documentación achegada polos aspirantes admitidos e de conformidade cos criterios de cualificación establecidos na base décima das bases reguladoras, outórgaselles aos aspirantes as seguintes cualificacións:

<i>APELIDOS, NOME</i>	PUNTUACIÓN
QUINTELA DOMÍNGUEZ, CARLOS	31,63
VARELA TOURÍS, MIGUEL ÁNGEL	11

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia, o Tribunal eleva á Concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura a puntuación definitiva dos aspirantes, con especificación da puntuación do concurso, propoñendo o nomeamento de don **Carlos Quintela Domínguez** para ocupar unha praza de oficial da Policía Local, correspondente ao grupo C, subgrupo C1, da escala básica da administración especial, subescala de servizos especiais do corpo da Policía Local do Excmo Concello de Pontevedra, pola quenda de mobilidade horizontal.

REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O aspirante proposto deberá presentar, dentro do prazo de 20 días naturais contados dende a publicación do presente anuncio, unha copia simple da documentación que se especifica na base 12 das reguladoras do proceso selectivo.

LISTA DE RESERVA.- De conformidade coa base 11 das reguladoras do proceso selectivo, o tribunal elaborou unha lista de reserva cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figuran aqueles aspirantes que, aínda que superaron o proceso selectivo, non resultaron aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas:

<i>APELIDOS, NOME</i>	PUNTUACIÓN
VARELA TOURÍS, MIGUEL ÁNGEL	11

RÉXIME DE RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A secretaria do tribunal

